

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABAJO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Isto é o que tes que facer na primeira clase desta semana:

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 7, páxs. 132 e 133).

- Le atentamente os apartados:
 - 5.1 A biodiversidade e a adaptación.
 - 5.2 A biodiversidade e a evolución.
- A continuación mira os seguintes vídeos sobre adaptacións corporais e de comportamento de diversos seres vivos.:

<https://www.youtube.com/watch?v=D9e1AZ5fvnQ>

https://www.youtube.com/watch?v=F_iKbLv6lXo

<https://www.youtube.com/watch?v=6vly-YsOMaY>

<https://www.youtube.com/watch?v=iTmHtxJpEWE>

- Agora contesta as preguntas:
 - 1) Que se entende por adaptación?
 - 2) Sinala dous exemplos de adaptacións corporais e dous de adaptacións de comportamento.
 - 3) Indica que tipo de adaptacións son:
 - a) O pavón desprega a súa cola para atraer a femia.
 - b) Os peixes teñen aletas para desprazarse na auga.
 - c) As arañas tecen redes para cazar insectos.
 - d) As raposas árticas teñen orellas e fociños cortos.
 - e) As follas dos carballos caen en outono.
 - 4) Escribe coas túas propias palabras o que entendes por evolución.
 - 5) Explica se a frase seguinte é verdadeira ou falsa e xustifica a túa resposta.

As especies que habitan hoxe o planeta non cambiaron; é dicir, permaneceron fixas ao longo da historia da Terra.


BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Isto é o que tes que facer na segunda clase desta semana:

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 8, páxs.140 e 141).

- Le atentamente os apartados:
 - 1.1 Que é o Universo?
 - 1.2 O concepto actual do universo.
- Observa atentamente as ilustracións dos modelos xeocéntrico e heliocéntrico que aparecen ó carón do apartado 1.1. Fíxate nas diferenzas entre ambos modelos e ten en conta que son modelos antigos, que non se corresponden co modelo actual do universo.
- Non esquezas ler o apartado Que curioso! que aparece a carón do apartado 1.2, nela explícase que é un **ano luz** e propónse unha actividade interesante: intenta calcular a distancia equivalente a un minuto luz.
- A continuación mira o seguinte vídeo:
<https://www.youtube.com/watch?v=a9L9-ddwcrE>
- Agora contesta as preguntas:

- 1) Diferencia cal distes dous modelos é o Modelo Xeocéntrico e cal é o Modelo Heliocéntrico e explica en que se diferencian cada un deles.



- 2) Describe a orixe do universo do a partir do big bang. **Nota importante:** Ten en conta o vídeo que acabas de ver pero, sobre todo, ten en conta a breve descrición que aparece no libro de texto.
- 3) Escrebe un parágrafo para explicar como é o modelo actual do universo indicando de que elementos está formado.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Isto é o que tes que facer na terceira clase desta semana:


Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 8, páxs. 140,141 e 142).

- Repasa os apartados: 1.1 Que é o universo? e 1.2 O concepto actual do universo.
- A continuación le a introdución do apartado 2 O noso sistema solar e o apartado 2.1 O Sol.
- Agora, mira este vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=8Y6165WaGGk>

- Estás xa preparado para contestar ás seguintes preguntas? Se é así, vamos alá:

- 1) Que é unha nebulosa? E unha galaxia?
- 2) Que é unha estrela? E o vento solar?
- 3) Cal é a nosa estrela? Como se chama o sistema do que forma parte?
- 4) Que elementos constitúen o noso sistema solar? En que galaxia se atopan? E a galaxia, en que cúmulo de galaxias está?
- 5) Dentro da galaxia, en que brazo se atopa o noso sistema solar?
- 6) Observa as seguintes imaxes e indica a que tipo de galaxias corresponden a), b), c) e d):



- 7) O sistema solar esténdese ao longo de 16 000 millóns de quilómetros. Supoñendo que unha unidade astronómica (u.a.) equivale a 150 millóns de quilómetros, expresa o tamaño do sistema solar en unidades astronómicas.
- 8) Sabendo que a distancia aproximada entre a Terra e o Sol é de aproximadamente 150 millóns de quilómetros e que a velocidade da luz é 300 000 km por segundo, canto tempo tarda en chegar a luz do sol á superficie da Terra?

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABAJO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Isto é o que tes que facer na cuarta clase desta semana:

Utiliza o material que tes no libro de texto (unidade 8, páxs. 143 e 144).

- Le atentamente os apartados 2.2 (Os planetas), 2.3. (Os satélites) e 2.4 (Outros corpos do sistema solar).
- Non estaría mal que, tras a lectura, volveras a ver o vídeo da clase anterior, nel se fala dos planetas, satélites e outros corpos do sistema solar.
- Este que che propoño a continuación fala do sistema solar, mírao tamén.

<https://www.youtube.com/watch?v=pS7p6FfU4bE>

- Agora xa estarás cansado, o segundo vídeo é bastante longo e liches atentamente uns apartados con moitos contidos. Vamos a continuar traballándoos na próxima sesión.